



Servizo de Persoal

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/16327/2017 23/10/2017 El Oficial Mayor P.O.

Asunto: Corrección de erro material na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 18 de setembro de 2017, pola que se adapta a lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17.

RESOLUCIÓN

Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 18 de setembro de 2017, resolveuse o seguinte:

Adaptar a lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Orde	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Concurso	total	situación
1	VICENTE (DE) MATO, EVA MARIA	68,01	32,52	15,00	11,45	126,98	Nomeada interina de proxecto, Inicio 15/03/17, Fin 5/10/19
2	NIETO MATAMOROS, SILVIA	50,02	21,68	12,50	15,40	99,60	
3	GONZALEZ VÁZQUEZ, Mª DOLORES	52,39	24,18	10,50	2,50	89,57	

Na base novena das Bases para a contratación dunha praza de coordinador/a para a execución do programa temporal "Coruña Emprega", aprobadas pola Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración de data 20 de setembro de 2016, estipulábase o seguinte:

O tribunal propoñerá a contratación das cinco persoas que obteñan a máxima puntuación conforme á cualificación final obtida neste proceso.

Para eventuais substitucións, nesta ou en futuras contratacións, poderá acudir a lista resultante deste proceso selectivo, sempre que haxa aspirantes que, superando algún dos exercicios, non fosen contratados inicialmente, debendo optarse polos aspirantes que superasen o maior número de exercicios e que acumulen unha mellor puntuación

Polo tanto, nas devanditas bases xa se indicaba que podería acudir a lista resultante dese proceso selectivo, sempre que haxa aspirantes que, superando algún dos exercicios, non fosen contratados inicialmente.

Do anterior dedúcese a existencia dun erro material na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 18 de setembro de 2017, pola que se adapta a lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17. Por iso, procede corregir o erro material incluíndo tamén na lista aos aspirantes que superasen o primeiro exercicio do proceso selectivo.

Por conseguinte, corríxese o erro material na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 18 de setembro de 2017, polo que a adaptación da lista de agarda de coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17, queda da seguinte forma:

Orde	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Concurso	total	situación
1	VICENTE (DE) MATO, EVA MARIA	68,01	32,52	15,00	11,45	126,98	Nomeada interina de proxecto, Inicio 15/03/17, Fin 5/10/19
2	NIETO MATAMOROS, SILVIA	50,02	21,68	12,50	15,40	99,60	
3	GONZALEZ VÁZQUEZ, Mª DOLORES	52,39	24,18	10,50	2,50	89,57	
4	ARCOS SUÁREZ, ESTHER	42,76				42,76	
5	LUIS (DE) CARBALLADA, CARLOS	40,02				40,02	

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da



Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017 (BOP de data 13/07/2017), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal á Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Persoal; a Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Corríxese o erro material na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 18 de setembro de 2017, polo que a adaptación da lista de agarda coordinador/a de programas de emprego á Instrución 4/17, queda da seguinte forma:

Orde	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Con- curso	total	situación
1	VICENTE (DE) MATO, EVA MARIA	68,01	32,52	15,00	11,45	126,98	Nomeada interina de proxecto, Inicio 15/03/17, Fin 5/10/19
2	NIETO MATAMOROS, SILVIA	50,02	21,68	12,50	15,40	99,60	
3	GONZALEZ VÁZQUEZ, Mª DOLORES	52,39	24,18	10,50	2,50	89,57	
4	ARCOS SUÁREZ, ESTHER	42,76				42,76	
5	LUIS (DE) CARBALLADA, CARLOS	40,02				40,02	

A Coruña, 10 de outubro de 2017

A Xunta de Goberno Local, P.D.
A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Blanco